



O ÁLVARO CUNQUEIRO PRIMEIRO HOSPITAL EUROPEO EN REPORTAR DOBRE REEMPLAZO VALVULAR A TRAVÉS DE CATÉTER

- *Os servizos de Cardioloxía, Cirurxía Cardíaca e Anestesioloxía participaron neste caso, no que se cambiaron as válvulas mitral e tricúspide do corazón de forma percutánea, sen necesidade de abrir o peito*
- *A paciente, de 71 anos e con insuficiencia cardíaca, está dada de alta e evoluciona favorablemente*
- *Este caso gañou o premio ao "Mejor caso en intervencionismo estructural" no Congreso Internacional de Cardioloxía Intervencionista*

Vigo, 18 de maio de 2023. Os servizos de Cardioloxía, Cirurxía Cardíaca e Anestesioloxía da Área Sanitaria de Vigo reportaron, por primeira vez en Europa, un dobre reemplazo valvular no corazón de xeito percutáneo.

A paciente tratada con este procedemento minimamente invasivo, unha muller de 71 anos con insuficiencia cardíaca, está dada de alta e presenta unha evolución favorable.



Este caso, que foi presentado pola cardióloga Berenice Caneiro no Congreso internacional de Cardioloxía Intervencionista celebrado en Barcelona, resultou elixido gañador como "*Mejor caso en intervencionismo estructural*" de entre os 60 casos expostos.



Sen abrir o peito

A intervención consistiu en cambiar as dúas válvulas da paciente, mitral e tricúspide, que non estaban realizando a súa función correctamente, de xeito totalmente percutáneo.

Segundo afirma a doutora Berenice Caneiro "o feito diferencial deste caso radica en que é a primeira vez en Europa en que se realiza nunha mesma paciente o recambio de dúas válvulas transcáteter, aínda que en tempos diferentes. Ata agora, para substituír estas válvulas requiríase dunha cirurxía convencional, a corazón aberto, o que supón abrir o esterno e, moitas veces, parar o corazón do paciente como na cirurxía extracorpórea".

Nesta paciente, a substitución da mitral realizouse por medio de acceso transapical, introducindo o catéter a través da punta do ventrículo esquerdo, cun pequeno orificio entre as costas. O cambio da tricúspide efectuouse a través da vea xugular.

Estas novas técnicas cirúrxicas minimamente invasivas evitan abrir o peito e parar o corazón, polo que resultan menos agresivas. Sen embargo, aínda están en fase de desenvolvemento e non resultan unha opción para todos os pacientes. É necesario estudar caso por caso para determinar cal resulta a mellor opción para cada paciente.

"Estamos moi satisfeitos con este caso e con este premio, que foi posible grazas ao traballo en equipo e á colaboración multidisciplinar entre os servizos de Cardioloxía, Cirurxía cardíaca e Anestesioloxía do noso centro", afirma a doutora Caneiro.

Publicación en revistas internacionais

Este caso xerou moitas expectativas no ámbito da cardioloxía intervencionista e nestes momentos os especialistas xa están preparando varios artigos que se van a publicar nos próximos meses en revistas científicas internacionais da especialidade.

O servizo de Cardioloxía do Álvaro Cunqueiro conta con 3 equipos de Hemodinámica dedicados ao intervencionismo coronario e estrutural, que abarca unha serie de procedementos para as cardiopatías conxénitas e adquiridas, nas que se inclúen as enfermidades valvulares, obstrucións arteriais e venosas, etcétera. Este servizo realiza uns 2.000 procedementos diagnósticos e terapéuticos anuais.

Neste senso, o Álvaro Cunqueiro conta con gran experiencia nos implantes cardíacos transcáteter, o que supoñen un gran avance para os pacientes, que se poden beneficiar dun tratamento eficaz e seguro, sen as complicacións inherentes á cirurxía convencional.